

UNIDADE DIDÁCTICA

O NOSO PATRIMONIO 1ª PARTE

OS MUIÑOS

CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES

EDLG

VISITAMOS O MUIÑO DA REGUEIRA



O día do mes de os alumnos e alumnas de
fomos de excursión a para visitar

Muíño rehabilitado o 30 de abril de 2011, o cal, despois de setenta anos sen moer,
agora volve funcionar.

OS MUÍÑOS



LE:

Os muíños son lugares onde se obtén fariná a partir do gran.

Están situados preto dos ríos.

Parte da auga do río pasa por debaixo do muíño e fai xirar á moa.

A moa é unha pedra circular que xira sobre outra fixa.

No interior da moa está o gran e, cando esta xira, o gran convértese en fariná.

CONTESTA:

1. Onde se atopan os muíños?

2. Por que?

3. Que parte do muíño é a encargada de ir desfazendo o gran?

4. Que forma ten esa peza do muíño?

OS MUÍÑOS

Os muíños son lugares onde, por medio da forza da auga e a fricción entre dúas pedras convértese o gran en fariña.

Os primeiros muíños encontrados en Galicia datan do Neolítico, eran muíños de man, chans, onde o gran móíase frotando unha pedra con outra. Na Idade Antiga, os romanos comezaron a empregar os muíños movidos por auga.

Estes muíños están situados en lugares preto dos ríos. A auga do río recóllese nunha presa e logo desvíase por unha canle ata o "cubo" depósito á entrada do muíño onde se acumula a auga para que, unha vez aberta a comporta entre con forza no muíño. Hai muíños que non teñen "cubo" e dicir, a auga entra directamente

A auga pasa polo tanto á parte inferior do muíño, chamado "inferno", aquí está o "rodicio" peza circular chea de penlas que ao xirar, debido á forza da auga, move o eixe que suxeita a "moa".

A moa é unha pedra circular cun burato central, "ollo", polo que entra o gran.

O gran depositase nun caixón "moega" con forma de pirámide invertida situado xusto enriba da moa.

Para facilitar a caída do gran, a moega ten unha "caneta ou canella" pola que o gran vai caendo no ollo da moa ademais, para que isto se faga lentamente, nesta caneta hai un pao chamado "tarabela" que fai que o gran vaia saíndo pouco a pouco.

Debido á fricción da moa coa pedra que ten na súa base, o gran vaise moendo e saíndo por outra caneta en forma de fariña, ata caer nun caixón para ser recollida.

Os muíños poden ser comunitarios, neste caso cada veciño dispón dunhas horas prefixadas para usalo, reciben o nome de "muíños de herdeiros" e, tamén poden ser muíños de propiedade particular, entón reciben o nome de "maquías" por chamarse así a cantidade que cobran os donos por permitir moer neles. A maquía pagábase normalmente con parte do produto que se ía moer.

Os muíños foron moi importantes na economía e no desenvolvemento da vida nas aldeas,

PARTES DUN MUIÑO

CANELLA OU QUENLLA lugar por onde baixa o gran.
6

TARABELA pao que controla o gran que entra na moa.
7

PEDRA DE MOER OU MOA ao xirar, vai esnaquizando o gran.
8

CANELLA lugar por onde sae a fariña.
9

CAIXÓN PARA RECOLLER A FARIÑA
10


CAIXÓN DE GRAN OU MOEGA lugar onde se vota o gran que queremos moer.
2

SACO DE GRAN PARA MOER
1

CANLE lugar de entrada de auga, ben dende o "cubo" ou directamete do río.
3

RODICIO roda que leva axustadas unhas penlas que ao xirar, debido á forza da auga, fan xirar o eixe e así mover a moa.
5

ÍNFERNO estanque, debaixo do muíño, con moita pendente, para que a auga acumulada poida bater con forza contra as penlas do rodicio.
4



UNE CADA PARTE DO MUÍÑO CO SEU NOME



RODICIO



MOEGA

QUENLLA

TARABELA

CUBO

MOA



COMPLETA ESTAS FRASES:

1. Nalgúns muiños, nome do lugar onde se acumula a auga antes de circular por debaixo del _____.
2. Roda de penlas que ao xirar moven a moa _____.
3. Peza de madeira por onde cae o gran á moa _____.
4. Peza de madeira, dobrada en ángulo, que ten a función de provocar un movemento continuo na canella para facilitar a caída dos grans da moega

5. Sinónimo de canella _____
6. Porción de gran ou fariña que lle corresponde ó muiñeiro por moer
_____.
7. Nome que recibe o caixón onde se deposita o gran que se vai moer
_____.
8. Pa que forma o rodicio _____
9. Depósito onde se atopa o rodicio _____.
10. Orixe dos muiños de auga _____.